

Consellos para a correcta aplicación de raticidas nas explotacións agrogandeiras

A empresa galega Impex Europa, líder en España en venda de raticidas como Ratibrom, ofrece unha serie de recomendacións a ter en conta para a correcta aplicación destes produtos

Impex Europa S.L., empresa galega líder en España e Portugal en fabricación e venda de raticidas, tanto para uso profesional como doméstico, con marcas de gran prestixio como Ratibrom, Ratibrom Azul ou Brody, ofrécelle aos usuarios unha guía de boas prácticas para a correcta aplicación destes produtos.

Os roedores, principalmente a rata común (*Rattus norvegicus*), a rata negra (*Rattus rattus*) e o rato doméstico (*Mus musculus*) son pragas graves que afectan tanto a explotacións gandeiras e entornos edificados como á agricultura. Seguir unha serie de boas prácticas no uso de raticidas contribuirá non só a eliminar a praga, senón tamén a garantir o uso sustentable das ferramentas de control.

“Cando os anticoagulantes dos raticidas se aplican incorrectamente, hai o risco de aumentar a resistencia dos roedores e de propagar esas resistencias”, explican desde Impex Europa, a empresa galega líder en raticidas na Península Ibérica, fabricante do popular Ratibrom, Ratibrom Azul e do Brody.

Punto de partida: utilización de portacebos

Para conseguir un control efectivo e duradeiro dos roedores, desde Impex Europa SL lembran que é necesaria unha boa planificación. Para facela, cómpre ter en conta as seguintes recomendacións:

- A normativa da Unión Europea esixe o uso de portacebos cos raticidas. Os portacebos serven para protexer o raticida da humidade, po e choiva. Tamén ofrece un espazo onde os roedores se senten seguros e se alimentan, evitando desta forma o consumo de cebo por especies non obxectivo, como cans ou gatos. Ademais, o portacebos evita o contacto accidental de humanos co cebo e facilita a monitoraxe.

- Sempre que sexa posible, os cebos deben estar fixados no interior de portacebos, de forma que se evite que o animal o transporte. Existen modelos con peche de seguridade e soporte para fixar o cebo. Convén que teñan dous orificios duns 6 cm. de diámetro, de forma que permita o libre acceso dos roedores ao seu interior e evite o acceso a especies non obxectivo.

- Os portacebos deben distribuírse por toda a área a desratizar, dándolle prioridade ao perímetro da propiedade e as zonas de maior probabilidade de paso polos roedores. Os roedores adoitan camiñar pegados ás paredes, así que é recomendable que os portacebos os situemos preto delas. Dispoñer os cebos de forma aleatoria é unha perda de tempo e diñeiro, xa que os roedores raramente se apartan do seu camiño habitual.

- Para obter os mellores resultados, os portacebos deben ser colocados cunha distancia entre si de 5 a 10 metros no caso dunha infestación de ratas ou de 2 a 5 metros no caso do rato común.

Monitoraxe

-Para os anticoagulantes de 2ª xeración, onde chega cunha única toma de veneno, recoméndanse pequenas cantidades con renovacións cada 3-4 días ata que se vexa que se deixa de consumir. Na fase de mantemento (despois de alcanzar o control), as visitas aos puntos de control non teñen que ser tan frecuentes como na fase de ataque.

-A mellor forma de avaliar os resultados dunha desratización é monitorar e rexistrar regularmente os consumos en cada posto ao longo da desratización. É raro atopar cadáveres, xa que cando empezan a ter síntomas refúxianse en zonas seguras.

-Os portacebos onde non se verifiquen consumos semana tras semana deben ser recolocados en zonas máis activas.

-Nos casos en que a pesar da presenza confirmada de roedores, os consumos non se inicien no prazo de dúas a tres semanas (período inicial en que a ausencia de consumos pode ser xustificada polo comportamento de neofobia, característico das ratas), deberá substituírse o cebo utilizado por outro máis atractivo e garantir que foron implementadas todas as medidas posibles para limitar o acceso dos roedores e outros alimentos.

-Manipular sempre o material utilizado para desratizar (portacebos, cebos e trampas) con luvas, para non comunicar cheiros que poidan provocar a desconfianza dos roedores.

-Non mesturar o raticida con ningún produto.

-Non comer, beber ou fumar durante a manipulación dos rodenticidas, portacebos ou outros materiais de risco.